



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA 2017 ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN “UNIVERSIDADE DA CORUÑA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA: “AVALIACIÓN E TRATAMENTO TERAPÉUTICO DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO”

En Santiago de Compostela, 02 xaneiro 2017

REUNIDOS

Dunha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, D. Juan José Gómez Romero, con DNI nº 36055501B, como director xerente da Fundación Universidade da Coruña (en diante FUAC), con domicilio na rúa Paseo de Ronda Nº 47, 2º piso, Campus Riazor, 15011 A Coruña e CIF número G-15597289, en representación de dito organismo, que foi constituída ante o notario D. Pablo Valencia Ces o 24 de marzo de 1997 e inscrita no Rexistro Auxiliar de Fundacións co nº 183, con facultades suficientes para a formalización do presente acto en virtude dos Estatutos e escritura de Constitución de esta entidade.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea



Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Segundo.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia. modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro.

Terceiro.- A FUAC é unha institución privada sen ánimo de lucro, de carácter benéfico-docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade. É, polo tanto, unha organización non lucrativa vinculada á Universidade, incluída na denominación de fundación universidade - empresa tal e como demostra a composición do Patronato, o obxecto social, e os fins fundacionais establecidos nos estatutos. Dentro do seus obxectivos figura a promoción da actividade profesional, a creación de emprego, a investigación, a formación e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

A FUAC ten subscrito coa Universidade da Coruña un convenio de colaboración para a xestión, entre outros, dos proxectos de investigación, servizos de asesoramento, información e apoio á investigación, dos “másters”, cursos de postgrado, de especialización e análogos que realicen os profesores e departamentos da citada Universidade con entidades públicas ou privadas.

Cuarto.- A Universidade da Coruña conta cunha Unidade especializada en Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF), que constitúe un servizo de atención e investigación familiar orientado a responder a demandas e necesidades socio-sanitarias e psicolóxicas, desde un enfoque centrado prioritariamente nos recursos e funcionamento dos sistemas familiares.

A UIICF ofrece atención a familias e persoas con problemas diversos mediante programas aplicados concertados con outras entidades. Ademais forma profesionais a través do curso de postgrado Experto en Intervención Familiar e do Curso de Supervisión Clínica en terapia familiar e realiza investigacións para mellorar a calidade da atención familiar.

Quinto.- Para que as actividades de investigación, promoción e formación do sector da



protección á infancia teñan unha maior repercusión en Galicia, que producirá un efecto positivo no ámbito da familia e infancia galegas, é necesario o apoio institucional e económico.

Sexto. – Os/as nenos/as no sistema de protección de menores da Xunta de Galicia constitúen unha poboación de grande vulnerabilidade. Por un lado, a maioría deles, se non todos, entran no sistema logo de padecer experiencias traumáticas de diferente índole (abandono, abuso, maltrato físico ou sexual, alto nivel de conflito, etc.) ao longo das súas vidas nos seus entornos familiares. Por outro lado, unha vez dentro do sistema de protección, existe o risco de que aumente a súa vulnerabilidade polo dano que lles pode producir o cambio e a inestabilidade do entorno e dos/das profesionais que os/as atenden.

Sétimo.– Ambas as dúas partes consideran prioritario promover e potenciar a axeitada atención e tratamento terapéutico dos/as nenos/as que amosen desaxustes emocionais-conductuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou cronificadas na convivencia dentro da súa familia de orixe. Para iso, acordan desenvolver o programa “AVALIACIÓN E TRATAMENTO TERAPÉUTICO DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO” nas catro provincias da Comunidade Autónoma Galega.

Para a súa execución, é preciso contar cun equipo de profesionais con suficiente formación e experiencia, coordinados e supervisados baixo unhas directrices e metodoloxía comúns.

Ademais, é preciso que o servizo estea coordinado e integrado na rede profesional de atención socio-sanitaria e educativa, de cara a crear unha sinerxía óptima coa atención de saúde mental e os dispositivos de acollemento residencial (ou familiar se é o caso). Esta integración de recursos permitirá a eficacia do programa e tamén a súa eficiencia en termos de custo-resultado.

Oitavo.– En cumprimento do disposto na LEI 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência de ofertas e de formalizar un contrato administrativo.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes, reconócécese capacidade para comprometerse, en virtude do presente convenio de colaboración, con arreglo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña para a organización e realización do programa



“AVALIACIÓN E TRATAMENTO TERAPÉUTICO DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO” desenvolvido pola “UNIDADE DE INVESTIGACIÓN EN INTERVENCIÓN E CUIDADO FAMILIAR (UIICF) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA”.

Este programa inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico das persoas menores derivadas polos Equipos Técnicos de Menores da Consellería de Política Social, o seguimento e avaliación científica dos resultados e o asesoramento aos profesionais e coidadores das persoas menores que estean recibindo o tratamento.

Para a súa execución, é preciso contar cun equipo de profesionais con suficiente formación e experiencia, coordinados e supervisados baixo unhas directrices e metodoloxía común, que ha de constituír unha rede de calidade na avaliación e tratamento de menores que é obxecto deste convenio, e que será seleccionado, formado e supervisado pola UIICF sobre a base de criterios científicos avalados por resultados de proxectos de investigación previos.

SEGUNDA.- Beneficiarios/as

Son beneficiarios/as do programa as persoas menores con expediente aberto nos servizos de protección (menores en garda ou tutelados/as, incluíndo menores infractores que cumpran medidas xudiciais), das catro provincias galegas, que amosen desaxustes emocionais-conductuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia ou coa existencia de dificultades severas ou cronicadas na convivencia dentro da súa familia de orixe.

Poderán ser beneficiarios/as igualmente a familia biolóxica ou acollidora do/da menor e os/as profesionais que se ocupan del/dela (educadores/as, traballadores/as sociais e outros/as profesionais dos centros de acollemento residencial ou centros de día), que teñen unha relación de coidado e que compoñen o entorno afectivo do/da menor, en canto que configuran o seu sistema de referencia.

A selección das persoas menores e a súa derivación ao tratamento na UIICF farase conforme ao protocolo de derivación descrito no ANEXO.

O número de casos a atender estímase ao redor dos 220.

TERCEIRA.- Compromisos da Consellería de Política Social

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica comprométese a:

- Propoñer os/as menores beneficiarios/as do programa.
- Facilitarlle á UIICF o acceso a toda a información relevante relativa aos/ás menores participantes no programa.



- Realizar todas as actuacións administrativas relativas ás familias e ás persoas menores integradas no programa que de acordo coa súa competencia lle correspondan.
- Contribuír ao financiamento das actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula sexta.
- Supervisar e coordinar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería.

CUARTA.- Compromisos da FUAC

A Fundación Universidade da Coruña, a través da UNIDADE DE INVESTIGACIÓN EN INTERVENCIÓN E CUIDADO FAMILIAR (UIICF) da UDC, comprométese a:

- Executar o programa obxecto deste convenio de conformidade co establecido no ANEXO, e en particular:
 - Seleccionar os/as profesionais que levarán a cabo o programa, integrando unha rede formada por recursos públicos (entre eles a propia UIICF) e gabinetes privados que cumpran uns requisitos de excelencia, tanto no seu persoal como na súa traxectoria profesional, e de especialización (contar con psicólogos/as clínicos/as especialistas), sobre a base de criterios científicos avalados por resultados de proxectos de investigación previos.
 - Proporcionar, a través dos seus propios medios ou a través de colaboración cos/as profesionais participantes, os locais onde se levará a cabo o tratamento terapéutico.
 - Coordinar o proceso de derivación
 - Coordinar a actuación dos diferentes equipos tanto da propia UIICF como doutras unidades de investigación e intervención, recursos de saúde mental da rede pública ou gabinetes privados que se asocien ao programa, garantindo a utilización da metodoloxía e procedemento de intervención do programa recollidos no anexo deste Convenio.
 - Responsabilizarse do procedemento de supervisión clínica a través de consultas puntuais e reunións periódicas programadas.
 - Emitir un informe ao final de cada tratamento que defina os seguintes aspectos: (a) resultados do tratamento; (b) recomendacións para a traxectoria futura do/a menor; (c) formulación do procedemento e prazos do seguimento.
 - Levar a cabo un seguimento posterior de todos os casos que reciben tratamento, tanto se o finalizaron satisfactoriamente coma se foi interrompido ou abandonado, como mínimo aos 3, 6 e 9 meses desde a finalización do tratamento, sen prexuízo doutras actuacións ou procedementos específicos que poidan sinalarse no informe



final.

- Levar a cabo a avaliación de resultados trala finalización do programa ou, en todo caso, transcorrido un ano desde a súa posta en marcha.
- Establecer un dispositivo de Apoio á Intervención en Crise para dar asesoramento e apoio aos/ás coidadores/as (educadores/as ou acolledores/as) dos/as menores en tratamento cando xurda unha situación de crise.
- Emitir e entregar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, á finalización do programa, un informe final que reflicta as actuacións realizadas en execución deste convenio.
- Destinar e aplicar a achega da Consellería de Política Social para a realización do proxecto deste convenio.
- Facer constar a imaxe corporativa da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellería de Política Social) que figurará en calquera material promocional e divulgativo vencellados aos actos do programa.

QUINTA.- Persoal para o desenvolvemento do programa

Para o desenvolvemento do programa, a FUAC seleccionará, coordinará e supervisará os equipos clínicos que levarán a cabo o tratamento terapéutico, que poderán formar parte da Unidade de Investigación en Intervención e Cuidado Familiar (UIICF) da UDC, doutras unidades de investigación, públicas ou privadas, ou ben estar formadas por profesionais privados.

Os/as citados/as profesionais deberán asumir o compromiso de levar a cabo o programa segundo a metodoloxía e procedemento contemplados no Anexo, e respectar as condicións de execución previstas neste Convenio. Para iso, os equipos clínicos non dependentes directamente da UDC deberán asinar coa FUAC un contrato, convenio ou outro documento análogo no que se recollan claramente as súas obrigas e a vinculación coa execución do programa, e en especial as obrigas que lle corresponden como encargadas do tratamento dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na cláusula sétima e de conformidade co establecido no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Durante a vixencia do convenio (ou das súas prórrogas, se é o caso) a FUAC poderá incrementar, reducir ou substituír os equipos clínicos que formen parte do programa, atendendo ás necesidades postas de manifesto pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, e sempre logo da aprobación por parte desta.



Por outra banda, os equipos da UIICF proporcionarán formación e asesoramento profesional e promoverán a investigación e avaliación científica de resultados.

Ademais, a FUAC porá a disposición do programa o persoal de dirección e de xestión necesario para garantir a calidade e mellora no seu desenvolvemento.

Os equipos e persoal que a FUAC poña a disposición deste programa en ningún caso poderán actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a FUAC a que imparta as oportunas ordes e instrucións e ostente respecto dos/as traballadores/as e profesionais o correspondente poder de dirección.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA.- Compromisos económicos e forma de pagamento e xustificación

Este convenio tramítase polo procedemento de tramitación anticipada ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de gastos.

De acordo co artigo 5 da dita Orde todos os actos ditados nos expedientes de gasto de tramitación anticipada están condicionados a que unha vez aprobado o orzamento subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento no que se produciron e, polo tanto, á existencia de crédito axeitado e suficiente unha vez aprobados os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O custo deste convenio imputarase á partida orzamentaria 12.02.312B.228, na que normalmente existe crédito axeitado e suficiente. A devandita aportación económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

A FUAC percibirá da Consellería de Política Social con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins, unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio de **179.136,24 €** para o ano 2017.

A dita compensación será satisfeita por meses vencidos conforme ás liquidacións presentadas pola FUAC.

Para estes efectos, a entidade presentará a seguinte documentación:

- factura correspondente aos servizos prestados durante o período, a nome da Consellería de Política Social
- informe no que se recollan as actividades realizadas, especificando cada actuación de



avaliación e tratamento e a valoración de mellorías neste; igualmente especificaranse todas as accións de coordinación, formación e supervisión levadas a cabo no período de tempo que comprende o informe.

SÉTIMA.- Confidencialidade

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable do ficheiro “Xestión de servizos Sociais”, regulado pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG núm. 246, do 27 de decembro), autoriza á Fundación “Universidade da Coruña” e á Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar, como encargadas do tratamento, para que accedan aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos da execución deste convenio.

As encargadas do tratamento tratarán os datos de conformidade coas instrucións da responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais, incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teñan acceso as encargadas do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A responsable do ficheiro, e, de ser o caso, as encargadas do tratamento deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no Título VIII do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

As encargadas do tratamento poderán subcontratar os servizos de auditoría e consultoría necesarios para garantir a adecuación do tratamento dos datos á Lei orgánica 15/1999, do 13



de decembro, de protección de datos de carácter persoal, nos termos establecidos no artigo 21-2º do Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro. A empresa subcontratada pasa a ter a condición de encargada do tratamento e queda obrigada igualmente ao cumprimento das instrucións estipuladas pola responsable do ficheiro para a encargada do tratamento. Adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade, integridade e confidencialidade dos datos de carácter persoal tratados conforme ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro e o Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo a responsable do ficheiro a dita conservación. As encargadas do tratamento conservarán os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa responsable do ficheiro.

As encargadas do tratamento responderán directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos dos incumprimentos que se puideran derivar das condicións anteriores.

OITAVA.- Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta formada polos seguintes membros:

- Dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
- Dúas persoas representantes da FUAC.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A comisión reunirse al menos unha vez ao ano. Ademais reuniranse tantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes. A esta comisión serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

NOVENA- Vixencia

O presente convenio terá efecto desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2017.

A vixencia do convenio de colaboración conxuntamente coas posibles prórrogas non poderán



superar os 4 anos.

DÉCIMA.- Prórrogas e Modificacións

Poderá prorrogarse o convenio ata o límite de vixencia descrito na anterior cláusula, mediante acordo expreso de prórroga, quedando supeditada esta posibilidade ao grao de execución do programa.

Cando xurdan circunstancias concretas sobrevidas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións técnicas ou económicas establecidas no convenio de colaboración poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais esixidos e requirindo acordo unanime das partes asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido no Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as incidencias ou dúbidas que poidan xurdir na súa execución.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio as establecidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, así como as establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do su pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015.



Se cando concurra calquera das causas de resolución indicadas, existiran actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixiancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo máximo improrrogable de 3 meses para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado 2 do devandito artigo 52.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade

A Fundación Universidade da Coruña comprométese a subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, a entidade asinante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos aos convenios asinados no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a consellería competente en materia de avaliación e reforma ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervintes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra..

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

O conselleiro

José Manuel Rey Varela

POLA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA

CORUÑA

O representante legal

Juan José Gómez Romero



Anexo

A C T I V I D A D E	C U S T O (€)
Dirección, supervisión clínica e atención en crise.	8.500,00
Reunións de supervisión (5 reunións).	1.500,00
Material funxible (formularios, memorias, expedientes).	350,00
Xestión administrativa (Comisión UDC + Xestión FUAC).	19.878,30
Base imponible:	30.228,30
IVE (21%):	6.347,94
Subtotal:	36.576,24
Atención terapéutica: 220 casos - 2640 sesións. (54,00 € x sesión).	142.560,00
Exención de IVE Lei 37/1992 art 20, UN-3	0,00
TOTAL ORZAMENTO	179.136,24